

SENDEIRISMO NA CAPADOCIA (Turquía)

Dende o 16 ao 25 de setembro 2024



PROGRAMA:

LÚNS, 16 de setembro

Saída en autobús dende Santiago (paradas habituais do club), ata o aeroporto de Madrid (hora por determinar)

14:30 h. Saída do voo Madrid-Estambul.

19:45 h. Chegada ao aeroporto de Estambul.

21:35 h. Saída do voo Estambul-Kayseri.

23:00 h Chegada ao aeroporto de Kayseri

Traslado a Ihlara e aloxamento no hotel Ihlara Konaklari (ou similar)

Cea no aeroporto de Kayseri pola conta de cada un.



MARTES, 17 de setembro

SENDEIRISMO NO VAL DE IHLARA

Distancia: 13 km 5 horas

Noite en PENSIÓN COMPLETA no Ihlara Konaklari (ou similar)

MÉRCORES, 18 de setembro

Traslado a Goreme. Visita á cidade subterránea de Kaymakli.

CAMIÑATA POLO VAL DE ZEMI

Distancia: 6 kms. 2 horas

Noite en PENSIÓN COMPLETA en Hotel Akuzun, Hotel Nature Park ou similar.



XOVES, 19 de setembro

VAL BRANCO E UCHISAR

12 kms. 5-6 horas

Noite en PENSIÓN COMPLETA en Hotel Akuzun, hotel parque natural ou similar

VENRES, 20 de setembro

CAMIÑO A MUSTAFAPASA POLO VAL DO GOMEDE

12 kms. 5 -6 horas

Noite en MEDIA PENSIÓN en Hotel Akuzun, hotel parque natural ou similar

Comida en picnic.



SÁBADO, 21 de setembro

RUTA A CAVUSIN POLOS VALES DE PANCARLIK E KIZILCUKUR

14 kms 6-7 horas

Noite en PENSIÓN COMPLETA en Hotel Akuzun, hotel parque natural ou similar



DOMINGO, 22 de setembro

SENDEIRISMO NAS MONTAÑAS DE BOZDAG

E VISITA AO MUSEO AO AIRE LIBRE DE GOREME

14 kms 6-7 horas

Noite en PENSIÓN COMPLETA en Hotel Akuzun, hotel parque natural ou similar

LÚNS, 23 de setembro

15:15 h Saída VOO A ESTAMBUL

16:55 h Chegada a Estambul

TARDE LIBRE NA CIDADE

Noite no hotel Budo ou similar

MARTES, 24 de setembro

VISITA TURÍSTICA POLA CIDADE CON GUÍA LOCAL

Noite no hotel Budo ou similar



MÉRCORES, 25 de setembro

DÍA LIBRE ATA O TRASLADO AO AEROPORTO

TRASLADO AO AEROPORTO

18:45 h. Saída do voo a Madrid

22:15 h. Chegada ao aeroporto de Madrid

TRASLADO en autobús ata Santiago de Compostela.

INSCRICIÓNS:

A través da **web:** clubvialactea.com

Correo electrónico: inscricions@clubvialactea.com

Teléfono: 604 09 13 25

Conta bancaria do CLUB VÍA LÁCTEA: ES43 2080 0396 0130 4000 1740 (Abanca)

Cantidade: 1.998,00 €

Forma de pagamento: Completo ou en 6 prazos:

1º prazo: 333,00 € (ata o 10 de abril)

2º prazo: 333,00 € (ata o 10 de maio)

3º prazo: 333,00 € (ata o 10 de xuño)

4º prazo: 333,00 € (ata o 10 de xullo)

5º prazo: 333,00 € (ata o 10 de agosto)

6º prazo: 333,00 € (ata o 10 de setembro)



No caso de inscribirse cando xa existan prazos avanzados, aboaranse xuntos todos os prazos anteriores á data de inscrición.

PRAZAS LIMITADAS. A viaxe realizarase cun mínimo de 15 persoas e un máximo de 25 persoas.

Os socios actuais do club, terán prioridade, os cales terán ata o 10 de abril para facernos chegar a súa reserva. Unha vez pasada esta data, ábrese ao exterior ata completar as prazas dispoñibles.

O PREZO ESTÁ CALCULADO PARA HABITACIÓNS DOBLES. No caso querer unha HABITACIÓN INDIVIDUAL o suplemento é de 300,00 €.

OPCIONAL:

SEGURO DE VIAXE: O custo do seguro da viaxe é de **35,00 €** por persoa. Non está incluída no prezo por ser opcional. A persoa interesada aboará esta cantidade co primeiro prazo. O coste do seguro NON es reembolsable en ningún caso.

Por outra banda: O traslado Santiago-Madrid e Madrid-Santiago faranse en autobús. Se alguén quere realizar este desprazamento por outro medio, pode facelo, tendo que aboar de todos os xeitos a totalidade do importe. Asumirá a responsabilidade de estar no momento da facturación grupal e calquera desaxuste derivado desta opción.

INCLÚE:

Voos de ida: Madrid-Estambul, Estambul-Kayseri e de regreso: Kayseri-Estambul e Estambul-Madrid

Unha maleta facturada ata 22 kg

Transporte en autobús aos aeroportos.

Guía de montaña titulado. TD Media Montaña. Credencial UIMLA

Rutas de sendeirismo segundo programa.

Transporte en autobús durante as rutas do programa.

Guía local de fala inglesa ou española durante as rutas.

Guía de turismo de fala española en Estambul.

1 noite con cea e aloxamento no Ihlana Konaklari ou similar.

1 noite de pensión completa no Ihlana Konaklari ou similar.

5 noites en pensión completa en Hotel Akuzun, Hotel Nature Park ou similar.

2 noites de aloxamento e almorzo no Hotel Budo de Istanbul



Entradas aos monumentos incluídos no programa de Capadocia.

Botiquín de primeiros auxilios de montaña do guía.

Seguro de asistencia en montaña da empresa viajes a pie.

NON INCLÚE:

Réxime alimenticio non citado no apartado inclúe.

Bebidas extras.

Ceas en Estambul.

Entradas a monumentos en Estambul.

Excursións, actividades e transportes non incluídos no programa.

Coberturas fora do seguro de asistencia en montaña da empresa viajes a pie.

Calquera outro concepto que non apareza no apartado inclúe.

REQUISITOS:

Estar federado na modalidade D ou superior.

D.N.I. con data de vencemento posterior a data do regreso, e dicir, posterior ao 25 de setembro 2024.

Pasaporte cunha validez mínima de 6 meses desde a data de entrada en Turquía.

Roupa e material de montaña axeitada.

É necesario estar nunha condición física aceptable e estar acostumado a camiñar pola montaña.

Respectar o traballo do guía. Calquera persoa que non actúe dentro do grupo, dirixido polo guía, queda fóra de toda responsabilidade do guía, tanto do guía de montaña como da organización.

As rutas poden ser modificadas por causas meteorolóxicas ou outras de seguridade segundo o criterio do guía.

O guía só é responsable daquelas persoas que permanezan con él ou dentro do grupo durante a actividade.

A programación pode sufrir cambios en caso de ser necesario.

RUTAS GUIADAS POR: Felipe Gómez (Viajes a pie)